

ANUNCIO RESOLUCIÓN RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDA/OS E EXCLUÍDA/OS DA CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN E A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DO CONCELLO DE PARADELA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PAA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA), NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN, DÍA, LUGAR E HORA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN.

Por resolución da Alcaldía do día 1 de xullo de 2024, aprobouse definitivamente a lista de admitida/os e excluída/os da convocatoria e bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, do Concello de Paradelas para a prestación do servizo do SAF (Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica), a designación de membros do tribunal e data de constitución do mesmo, así como o día, lugar e hora de realización do proceso de selección.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias da convocatoria e bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, do Concello de Paradelas para a prestación do servizo do SAF (Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica) e de conformidade co establecido na convocatoria e bases aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 10 de xuño de 2024, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de persoas admitida/os e excluída/os, da/os candidata/os participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos da convocatoria e bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, do Concello de Paradelas para a prestación do servizo do SAF (Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica):

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDA/OS:

Nome e apelidos
Maria Lorena Cabañas López.

EXCLUÍDA/OS:

Ningún.



SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidata/os, nin é necesario o trámite de emenda pola única candidata que participa no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, dítase resolución coa lista definitiva de persoas admitida/os e non admitida/os, composición do tribunal seleccionador, día, hora e lugar no que se levará a cabo a realización das probas ás persoas solicitantes admitidas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na páxina web www.paradela.es e na sede electrónica do Concello <https://paradela.sedelectronica.es>.

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula sétima das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador e fíxase a data da súa constitución para o día 3 de xullo de 2024:

— Presidente: D^a. María José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Touro (A Coruña).

— 1º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. María Camino Peña Rodríguez, Empregada público do Concello de Paradela (Lugo).

— 2º Vogal: D^a. Matilde Josefa Benitez Baptista, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D^a. Alicia de la Iglesia López, Empregada pública do Concello de Portomarín (Lugo).

— 3º Vogal: D^a. María Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Margarita Viña Santos, Empregada pública do Concello de Portomarín (Lugo).

— Secretaria: D^a. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. María Cristina González Santín, Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 10 de xullo de 2024, ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago,15. 27611 Paradela (Lugo). Previamente segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso.



QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na súa páxina web e na sede electrónica do Concello <https://paradela.sedelectronica.es>, a lista definitiva de persoas admitida/os e non admitida/os participantes no proceso de selección, a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o día, lugar e hora de realización do proceso de selección.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

A Alcaldesa,

Asdo: Maria Montserrat Mulet Sar

A Secretaria-Interventora

Asdo: Ruth López-Mosquera García”

Isto faise público de conformidade co disposto na convocatoria e bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, do Concello de Paradela para a prestación do servizo do SAF (Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na súa páxina web www.paradela.es, ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

A alcaldesa,

Documento asinado ao marxe electronicamente

